

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA SA E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA PARA A CELEBRACIÓN DO FESTIVAL INTERNACIONAL DO MUNDO CELTA

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Pola outra, D. _____, alcalde do concello de Ortigueira no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

E doutra, D. _____, director de Banca Institucional en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Ortigueira, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta 2016.

En 2005 o certame entrou no selecto grupo de eventos de Interese Turístico Internacional. O

empuxe do Festival -arredor de 100.000 asistentes nas súas últimas edicións- ou o seu papel na proxección de Galicia e España no estranxeiro foron só dous dos factores que lle valeron este recoñecemento.

A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos, impulsando así a mellora económica do sector.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto .- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que no BOE número 139 de 11 de xuño de 2012 publícase a Resolución do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, do 22 de maio de 2012 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal, pola que se publica o Convenio específico coa

Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona das súas zonas rurais.

Na cláusula cuarta establécense os compromisos da comunidade autónoma regulando no apartado quinto as obrigas desta no caso de subscrición de convenios de colaboración.

No anexo I recóllense as accións dos plans da zona a executar no marco do convenio. En concreto as accións no Plan de Zona Rías Altas e Arco Ártabro a executar de forma concertada e cofinanciada pola Administración Xeral do Estado.

Na no seu eixe 1 “Actividade económica e emprego” figura a actuación 1.20.CA 2, “Promoción do turismo rural”, na que se establece la inversión real en promoción do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira.

Sexto.- O Festival Internacional do Mundo Celta converteuse nunha referencia imprescindible e nunha cita ineludible no calendario de festas da comunidade autónoma galega, sendo o concello de Ortigueira a entidade organizadora.

Deste xeito, non resulta posible promover a concorrência debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente xa que é a única que organiza o dito evento.

Sétimo.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, figura a aplicación 04.A2.761A.760.1 “Axudas a eventos de interese turístico”, código de proxecto 201500004 Plan de zonas rurais dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Oitavo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento do Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira mediante unha achega de 10.000.-€.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e o concello de Ortigueira para a o apoio á celebración do Festival Internacional do Mundo Celta, este evento considérase un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

O Festival do Mundo Celta tense convertido por méritos propios nun dos eventos musicais máis multitudinarios de toda España e un dos referentes mundiais do Folk. A súa magnitude excede xa o puramente musical, para consolidarse como un espazo libre onde conflúen xentes chegadas dos máis diversos puntos da xeografía.

O Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira, é un evento de prestixio dedicado á música folk que acolle actuacións de grupos de música celta do máis alto nivel e fama internacional, sendo o concello de Ortigueira a única entidade organizadora. Este concello ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión do turismo .

Este festival ten a súa orixe no ano 1978, no ano 2000 sentáronse as bases do que é hoxe unha auténtica industria cultural, ao tempo que o Festival abría o seu horizonte musical cara a outros tipos de música que non teñen por que ser estritamente celtas.

Á vista do anterior estas entidades estiman adecuado a participación na organización da celebración do Festival do Mundo Celta de Ortigueira que se desenvolverá no mes de xullo de 2016 , por tratarse dunha cita consolidada na península ibérica que contribúe a divulgación, fomento e difusión do turismo na comunidade.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración do Festival Internacional do Mundo Celta, ascende a 53.000.-€ que se distribúen do seguinte xeito:

- Actuacións musicais-- -----50.000 euros.

- Materias promocionais e de comunicación ----- 3.000 euros.

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de corenta mil euros (40.000.- €) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.1 “Axudas a festas de interese turístico” código de proxecto 2015 00004 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2016, para contribuir aos gastos correspondentes a accións de promoción e difusión da festa , a contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala ao concello de Ortigueira.

A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Ortigueira obteña beneficio ou lucro industrial algún coa dita achega.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€

A contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala ao concello de Ortigueira. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións descritas e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Ortigueira obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

De conformidade co artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar pagamento anticipado cun máximo do 50% da contía subvencionada, isto é de 20.000.- €, de conformidade co disposto no parágrafo dous do citado decreto.

Segundo o establecido no artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para solicitar o pagamento anticipado, o concello de Ortigueira está exento da presentación de garantía.

Terceira.- Obrigas do concello de Ortigueira

O Concello de Ortigueira comprométese a:

- 1.-Levar a cabo as accións obxecto do presente convenio celebrando o Festival Internacional do Mundo Celta.

- 2.-Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre os eventos que se realicen, que os mesmos contan coa colaboración da Xunta de Galicia- Turismo de Galicia.
- 3.-Incluír a “Marca Galicia” en todas as accións de promoción das actividades obxecto do presente convenio de colaboración.
- 4.- Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia.
- 5.-Incluír en todos os materiais utilizados na difusión e información das actuacións obxecto deste convenio os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable e das dúas administracións de acordo coas súas respectivas normas de identidade corporativa, segundo se establece no anexo 2 do Convenio específico entre o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos planes de zona das súas zonas rurais (BOE núm. 139, do 11 de xuño de 2012).
- 6.-Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- 7.-Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- 8.-Executar totalidade do orzamento de 53.000.- €, así como xustificalo.
- 9.-Presentar, con anterioridade á sinatura do presente convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia, que no caso do concello de Ortigueira poderán substituírse pola declaración responsable do concello de estar ao corrente coas referidas obrigas, de conformidade co disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009.

10.- Cumprir co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio

Cuarta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións, se supere o investimento total da festa.

Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e ss do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

c) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 de Lei 9/2007, do

13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia” e os os logotipos do Programa de Desenvolvemento Rural Sustentable

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá a ABANCA unha certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia certificará á ABANCA a xustificación do cumprimento do obxecto do convenio para que esta entidade efectúe o pago ao concello.

A achega de ABANCA será pagado directamente por esta ao concello de Ortigueira, unha vez que o este concello remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

En todo caso, a cantidade máxima que se obrigan a aportar a Axencia e ABANCA reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 20 de setembro de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Oitava.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.

- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Xurisdición competente

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto legislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve así como o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso- administrativo.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicárase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 20 de setembro de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia
A directora de Turismo de Galicia

Polo concello de Ortigueira
O alcalde

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA
O director de Banca Institucional